

Programa de Orientación

Aula virtual:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/iescastelaovigo/aulavirtual/course/index.php?categoryid=28>

Correo: orientación.iescastelao@gmail.com

Twitter: <https://twitter.com/OIescastelao>

Curso 2023-24

IES Castelao

O plan de orientación educativa é a programación na que se establecen os obxectivos, os principios e as liñas prioritarias de actuación que se levarán a cabo no ámbito da orientación educativa, en virtude do establecido no Decreto 120/1998, de 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional en Galicia, a Orde de 24 de xullo de 1998, pola que se establece a súa organización e funcionamento, a Circular 10/2010 de 14 de setembro pola que se dita instrucións para coordinar actuacións e establece as accións prioritarias dos servizos de orientación, a LOMLOE, e todas as disposicións derivadas da mesma.

O ámbito de actuación abrangue o IES Castelao e os seus centros adscritos.

1. CONTEXTUALIZACIÓN E ASPECTOS PREVIOS

1.1 CARACTERÍSTICAS DO CENTRO

SITUACIÓN

O IES Castelao está situado no barrio de O Calvario da cidade de Vigo. É un barrio en expansión e con gran crecemento.

CENTROS ADSCRITOS

Ten adscritos tres centros de Ensino Infantil e Primaria: o CEIP Pombal, o CEIP A Dobrada e o CPR Atalaya-Cantabria.

ENSINANZAS QUE OFERTA O CENTRO

O IES Castelao é un centro público de Ensino Secundario Obrigatorio e Bacharelato dependente da Xunta de Galicia, ten capacidade para uns 800 alumnos e alumnas de idades comprendidas entre os 12 anos (1º ESO) e os 17-18 anos (2º de bacharelato).

Imparte Educación Secundaria Obrigatoria (ESO), dúas modalidades de bacharelato (Ciencias e tecnoloxía e Humanidades e Ciencias Sociais), o Bacharelato de Adultos nas mesmas dúas modalidades (Ciencias e Humanidades e Ciencias Sociais) e a ESA (niveis III-IV).

1.2 CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO

LINGUA MATERNA DOMINANTE

A lingua materna dominante é o castelán, aínda que temos alumnado inmigrante que o descoñece.

Para adaptar a resposta educativa ás necesidades do noso alumnado pomos en práctica as seguintes actuacións específicas:

- Tipo curricular:
 - Reforzo educativo nas diferentes áreas impartido polo profesorado de área.
 - Flexibilización.
 - ACS.
 - Programa de Diversificación Curricular

- Tipo organizativo:
 - Programa de reforzo nas áreas de linguas e matemáticas, con atribución horaria, para 1º e 2º de ESO. Profesorado responsable: áreas de Lingua Galega e Lingua Castelá.
 - Reforzo lingüístico na exención da 2º Lingua Estranxeira. Profesorado responsable: área de Lingua Castelá, para 1º de ESO, e área de Lingua Galega, para 2º de ESO.
 - Agrupamentos flexibles en 1º e 2º ESO.
 - Desdobres.
 - Optatividade en 3º, 4º ESO e nas ensinanzas postobligatorias.

- Outras:
 - Colaboración entre a Xefatura de Estudos, o Departamento de Orientación e os titores e titoras para a organización da atención á diversidade.

O instituto Castelao é un centro no que o alumnado ten bastante problemática social, sobre todo nos primeiros cursos da ESO.

Problemas sociais destacados: abandono escolar, poboación emigrante, absentismo, violencia e/ou acoso escolar, situación de vulnerabilidade social e alumnado con proxenitores en situación de presidio.

- O Decreto 120/1998, de 23 de abril recolle que os Departamentos de Orientación constituirán dentro de cada centro o garante de que a orientación forme parte esencial da actividade educativa e de que se estableza unha vía de asesoramento permanente ó profesorado e as familias.

2. DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

2.1 COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO

A Orde do 1 de agosto de 1997 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996 e o Decreto 120/1998, establece a composición dos departamentos de orientación dos IES, que no noso centro durante o curso 2023/2024 será a seguinte:

Ámbito lingüístico e social

Ámbito científico e tecnolóxico

Profesora de Pedagogía Terapéutica

Profesora de Pedagogía Terapéutica a media xornada

Orientadora –Xefatura do departamento de orientación do IES

Centros adscritos:

Xefatura do D. de Orientación do CEIP O Pombal.

Xefatura do D. de Orientación do CEIP A Dobrada.

Responsable de Orientación do CPR Atalaya-Cantabria.

2.2 FUNCIONES

As funcións xerais do departamento son as recollidas no art. 6 do Decreto 120/1998 e no art. 5 da Orde de 24 de xullo de 1998:

- Valorar as necesidades educativas do alumnado e deseñar, desenvolver e avaliar programas específicos de intervención.
- Participar na avaliación psicopedagóxica e no deseño e desenvolvemento das medidas de atención á diversidade.

- Elaborar as propostas do POAP e as suxerencias do PAT para o curso 23-24 (de acordo coas directrices establecidas pola CCP) e ofrecerlle ó profesorado soporte técnico para o desenvolvemento destes plans.
- Participar na elaboración ou revisión do Proxecto Educativo e das súas concrecións curriculares, incidindo nos criterios de carácter organizativo e pedagóxico para a atención ao alumnado con NEAE.
- Diseñar accións encamiñadas á prevención e á atención de dificultades de desenvolvemento ou de aprendizaxe.
- Facilitarlle ao alumnado o apoio e o asesoramento necesarios para adquirir habilidades básicas de vida, e para enfrontar os momentos da incorporación ao centro, a resolución de conflitos interpersoais, na toma de decisións e nas transicións entre etapas, centros e cara á vida profesional, favorecendo así a súa maduración vocacional.
- Cooperar co equipo de orientación específico no deseño, desenvolvemento e avaliación de programas.
- Impulsar a participación do profesorado en programas de investigación e innovación.
- Promover a cooperación entre o centro e as familias.
- Establecer canles de comunicación cos diferentes servizos ou institucións.
- Asesorar á CCP nos aspectos psicopedagóxicos do proxecto curricular.
- Participar na elaboración do consello orientador.
- Outras funcións recollidas na lexislación específica:
 - No Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.
 - No marco normativo de desenvolvemento da LOMLOE.
 - Na promoción, apoio e mellora da convivencia do centro a partir da publicación do Decreto 8/2015 que desenvolve a Lei 4/2011, de convivencia e participación da comunidade educativa, en materia de convivencia escolar, e da publicación en setembro de 2015 da Estratexia Galega de Convivencia Escolar – **EDU CONVIVES**: <https://www.edu.xunta.gal/portal/Educonvives.gal>
 - Na promoción da igualdade efectiva proporcionando unha formación integral que permita ao alumnado unha formación plena que axude a configurar a súa identidade.

2.3 ORGANIZACIÓN INTERNA DO DEPARTAMENTO

Segundo o art. 14 da Orde de 24 de xullo de 1998 os membros do departamento de orientación con destino no propio centro celebrarán reunións na hora destinada para tal fin no seu horario.

Os acordos e os temas a abordar nas citadas reunións levadas a cabo polo departamento ao longo do curso recolleranse no libro de actas.

Estas reunións durante o curso 2023/2024 desenvolveranse **os xoves de 09:50 – 10:40 h.**

Segundo o establecido no art. 13 da Orde de 24 de xullo de 1998, os membros do departamento de orientación coa presenza das xefaturas dos departamentos de orientación dos centros adscritos será cando menos unha vez ó trimestre, que se celebrará no mesmo horario que para as reunións dos membros do departamento do IES: os xoves de 09:50 – 10:40 h.

3. OBXECTIVOS XERAIS

1. Contribuír á personalización da educación, ao seu carácter integral en coñecementos, destrezas e valores.
2. Favorecer a equidade que garante a igualdade de oportunidades, a inclusión educativa e a non discriminación.
3. Axustar a resposta educativa ás necesidades particulares do alumnado, mediante as oportunas actuacións organizativas e curriculares.
4. Favorecer os procesos de madurez persoal, do desenvolvemento da propia identidade e sistema de valores e da progresiva toma de decisións escolares e profesionais.
5. Contribuír á interacción entre os distintos integrantes da comunidade educativa, así como entre ésta e o contorno social.
6. Asegurar a continuidade educativa a través das distintas áreas, ciclos, etapas e as transicións dun centro a outro.
7. Asesorar e ofrecer recursos á comunidade educativa para que se favoreza a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade e a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, así como o desenvolvemento de actitudes positivas fronte á diversidade multicultural.

3.1 OBXECTIVOS RESPECTO DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.

1. Promover a cohesión entre os membros do departamento e a asunción colexiada das decisións.
2. Realizar os seguimentos, apoios e valoracións dos distintos plans de apoio do programa.
3. Colaborar na mellora do centro e da comunidade educativa.
4. Impulsa unha coordinación efectiva cos centros adscritos.

3.2 OBXECTIVOS RESPECTO DO CENTRO.

1. Colaborar na actualización dos documentos que integran o Proxecto Educativo a través da participación na comisión de coordinación pedagóxica cando proceda.
2. Elaborar protocolos que faciliten a posta en marcha de medidas a implementar no plan de convivencia, plan de acción tutorial e plan xeral de atención á diversidade.
3. Colaborar co equipo directivo no desenvolvemento do plan de convivencia, plan de acción tutorial e plan xeral de atención á diversidade así como no programa de orientación académica e profesional.
4. Colaborar no desenvolvemento de programas educativos que sexan acordados no departamento: contratos programa.

3.3 OBXECTIVOS RESPECTO DO PROFESORADO.

1. Colaborar co profesorado no desenvolvemento das medidas de atención á diversidade.
2. Asesorar ao profesorado sobre criterios metodolóxicos e didácticos que poidan previr posibles dificultades de aprendizaxe ou desenvolvemento do alumnado.
3. Favorecer a dinamización da función tutorial e a orientación académica.
4. Promover a colaboración entre os docentes e a profesora de pedagogía terapéutica na atención do alumnado con NEAE.

3.4 OBXECTIVOS RESPECTO DOS ALUMNOS E ALUMNAS.

1. Colaborar na detección precoz das necesidades educativas do alumnado e deseñar medidas para darlles resposta.
2. Favorecer a implicación do alumnado na súa aprendizaxe favorecendo a súa autonomía e responsabilidade.

3. Contribuír á formación integral do alumnado acorde cos principios de tolerancia, igualdade, respecto, solidariedade e paz, da igualdade efectiva de oportunidades entre homes e mulleres e da non discriminación.
4. Asesorar ao alumnado na toma de decisións académicas, profesionais e vocacionais.

3.5 OBXECTIVOS RESPECTO DAS FAMILIAS.

1. Informar ás familias sobre a estrutura do sistema educativo e sobre as diferentes opcións académicas que existen na contorna máis próxima.
2. Manter informadas ás familias sobre o proceso educativo dos seus fillos/as.
3. Colaborar e axudar ás familias na compensación de situacións de desvantaxe informando dos programas cos que colabora o centro: pro-infancia e programa do secretariado xitano.
4. Impulsar actividades informativas e formativas para as familias que contribúan ao desenvolvemento integral dos seus fillos e fillas. .

4.PRINCIPIOS DE INTERVENCIÓN

Principio de prevención: a orientación é un dereito de todos os alumnos e alumnas, en todos os momentos, e non soamente cando aparece unha problemática específica.

Principio de desenvolvemento: dende a función orientadora debemos tentar crear un contexto motivador, que estimule os cambios que no alumnado se van producindo como consecuencia da súa interacción co medio, cambios que veñen derivados das súas capacidades, habilidades, destrezas, e da súa personalidade.

Principio de intervención social: dirixida ó contexto educativo e social no que se desenvolve a acción orientadora, mediante a modificación, na medida das súas posibilidades, daqueles aspectos do contexto que obstaculizan a realización persoal do individuo.

5. ÁREAS DE INTERVENCIÓN

As liñas xerais de actuación xirarán en torno a 5 ámbitos, segundo o modelo de programas:

1. A atención á diversidade.
2. Os proceso de ensino-aprendizaxe.
3. A acción tutorial.
4. A convivencia.
5. A orientación académica, profesional e vocacional.

5.1 Atención á diversidade

Coa idea de dar unha resposta axeitada á diversidade, e que esta non supoña un obstáculo para o desenvolvemento persoal e social dos nosos alumnos e alumnas, e tomando como referencia á LOMLOE, así como as conclusións do Consello da Unión Europea do 12 de maio de 2009, o Decreto 229/2011 do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia e a Orde do 8 de setembro de 2021 que o desenvolve prantexamos os seguintes obxectivos xerais:

1. Conseguir que todo o alumnado acade o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional, facilitando unha educación adaptada ás súas singularidades.
2. Ofrecer unha resposta que compense as diferenzas individuais do alumnado, no marco dos principios de normalización e inclusión, e dende a consideración da diversidade como un elemento enriquecedor para o conxunto da sociedade.
3. Promover a equidade, a cohesión social, e a cidadanía activa.
4. Procurar a identificación temperá das necesidades educativas do alumnado, a súa valoración, e poder dar a resposta educativa máis axeitada.

ACCIÓNES PRIORITARIAS

- Revisar, e de ser necesario actualizar, o PXAD elaborando unha proposta no departamento de orientación e elevala á CCP, a través do equipo directivo do centro.
- Colaboración na revisión e proposta de medidas de atención á diversidade.
- Colaborar no establecemento de criterios e o procedemento para propoñer as diferentes medidas de atención á diversidade e, ao mesmo tempo, revisar a organización destas co obxectivo de buscar unha maior optimización de recursos.
- Dar prioridade as medidas de atención á diversidade ordinarias sobre as extraordinarias.
- Promover que as actuacións enmarcadas dentro do Plan de transición de Primaria a Secundaria actúen como factor preventivo, en canto á atención á diversidade do alumnado, e favorezan a incorporación do alumnado e das súas familias ao centro.
- O plan de transición comezará a finais de cada curso, con actuacións co alumnado e coas familias dos CEIPs, e finaliza coa realización das reunións xerais de familias e coa realización das xuntas de avaliación inicial. Dentro de plan de transición contemplanse aspectos como : traspaso de información do alumnado procedente dos CEIPs e traspaso de documentación do alumnado con NEAE.
- Revisar o procedemento e os materiais de apoio (para o profesorado e para o departamento de orientación) para a realización da avaliación inicial e para a detección das necesidades educativas do alumnado, de cara a incluílo no PXAD.
- Colaborar coa dirección do centro nas solicitudes de autorización que realice ao servizo de inspección educativa en relación coas medidas extraordinarias de atención á diversidade: agrupamentos flexibles, adaptacións curriculares, grupos de adquisición de linguas e/ou grupos de adaptación de competencia curricular, autorización para a incorporación do alumnado ao Programa de Diversificación Curricular e incorporación a FPB.
- Colaborar coa xefatura de estudos no seguimento do PXAD.
- Impulsar a elaboración a nivel de centro dun procedemento e duns criterios que se deben cumprir antes de iniciar un proceso de avaliación psicopedagóxica, de cara a incorporalo no PXAD.
- Asesorar aos titores e titoras, e ao equipo docente, nas necesidades educativas do alumnado, no axuste da resposta educativa e na aplicación de protocolos.
- Colaborar co profesorado na concreción dos reforzos educativos / programas de recuperación / programas específicos personalizados / adaptacións curriculares significativas e na súa sistematización nun documento.

- Realiza o seguimento de determinado/as alumnos/as, recollendo a información recadada nas entrevistas, reunións, xuntas de avaliación e da propia observación do alumnado (na aula e fóra dela).
- Manter unha táboa actualizada do alumnado que recibe algún tipo de seguimento ou medida de atención á diversidade.
- Elaborar unha relación das medidas de atención á diversidade que existen no centro e alumnado beneficiario delas.
- Realizar as avaliacións psicopedagóxicas que se determinen.
- Complimentar os datos estatísticos do DRDADI e o DRORIENTA.
- Colaborar cos titores e titoras nas entrevistas que leven a cabo con algunhas das familias ou do alumnado.
- Colaborar coas familias e coa secretaría e administración do centro, nas solicitudes de tramitación das bolsas de axuda para alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, que se xestionan durante o mes de setembro.
- Asesorar as familias dos alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo en relación as medidas de atención a diversidade e ao itinerario máis aconsellable ás súas necesidades.

PROCESO DE VALORACIÓN DAS NECESIDADES

Para identificar as necesidades do alumnado escolarizados no I.E.S., o departamento de orientación en colaboración co profesorado-titor e demais profesorado, elaborará un procedemento ou protocolo de actuación consistente en:

1. Avaliación inicial

Revisión dos informes de avaliación do alumnado de novo ingreso elaborados polos Departamentos de Orientación dos centros de primaria adscritos.

Exploración psicopedagóxica de aptitudes xerais para a aprendizaxe. ao alumnado de 1º da ESO que o profesorado das distintas áreas considere pertinente e daqueles doutros niveis que se incorporan por primeira vez ao centro e o soliciten

Avaliación psicopedagóxica individualizada de alumnado con importante atraso académico e/ou adaptación.

Entrevista e asesoramento ás familias do alumnado que presentan dificultades

2. Toma de decisións sobre o alumnado susceptibles de recibir apoio:

Delimitación do alumnado con necesidade específica de apoio educativo mediante as informacións proporcionadas polo profesorado-titor e profesorado en xeral, reunións coas xefaturas dos departamentos de orientación dos C.E.I.P. adscritos e as probas realizadas polo departamento de orientación.

Reunión con xefatura de estudos e equipos docentes para, de forma coordinada, establecer as medidas educativas que procedan para dar resposta ás necesidades específicas que se detectaron e revisar, de ser o caso, as medidas de apoio que está a recibir o alumnado.

3. Organización, coordinación e seguimento das medidas adoptadas:

Estabrecer canles e comunicación coas titoras e titores e co profesorado en xeral para trasladar a información pertinente e realizar o seguimento do alumnado con NEEAE.

Participar na sesión de preavaliación en nas avaliacións trimestrais asesorando ao profesorado sobre aspectos pedagóxicos e didácticos.

4. Seguimento individualizado (en coordinación coa responsable de benestar emocional, cos titores e titoras e o equipo directivo) do alumnado:

- Absentista: Colaborar na información do procedemento proposto polo Protocolo da Consellería de Educación.
- Alumnado afectado por medidas de violencia de xénero e/ou acoso escolar (D229/2011; art. 28).
- Alumnado con discapacidade e/ou trastornos psiquiátricos, especialmente nos casos de trastorno do estado de ánimo nos que exista risco autolítico.
- Alumnado con diversidade afectivo-sexual por orientación sexual e identidade de xénero.
- Alumnado no programa de Alerta Escolar.
- Alumnado que polas súas características persoais é susceptible de aplicación de protocolos específicos.
- Alumnado de incorporación tardía ao noso sistema educativo.
- Alumnado susceptible de incorporación ao programa Proinfancia e seguimento do alumnado que participa no mesmo.
- Alumnado de etnia xitana integrado ou susceptible de participar no programa de secretariado xitano.

5.2 Apoio ao proceso de ensino e aprendizaxe

→ ACCIÓNS PRIORITARIAS

- Fomentar a incorporación no currículo e na práctica diaria da aula de técnicas e estratexias de aprendizaxe que promovan o desenvolvemento de competencias (sobre todo a competencia de aprender a aprender), que permitan ao alumnado ser autónomo na súa aprendizaxe.
- Colaborar e asesorar na prevención de dificultades de aprendizaxe, abandono, fracaso e a inadaptación escolar adoptando medidas preventivas ou de intervención.
- Impulsar que o alumnado comprenda as ideas e conceptos fundamentais de cada materia, relacionados entre si de forma significativa.
- Incidir na importancia nos procesos de aprendizaxe da zona de desenvolvemento próximo de cada alumno e alumna.
- Asegurar a continuidade educativa a través da coordinación dos distintos cursos e etapas educativas a través da participación na CCP.
- Promover a coherencia horizontal do proceso de ensino e aprendizaxe, a través da colaboración con xefatura de estudos na coordinación da acción tutorial, e das xuntanzas de equipo docente e de avaliación.
- Colaborar cos/coas titores/as e co profesorado no seguimento do proceso de aprendizaxe do alumnado e no deseño dunha resposta educativa adaptada as necesidades detectadas.
- Impulsar que exista un traspaso efectivo de información sobre o alumnado entre os docentes dun mesmo grupo, así como entre os equipos docentes que traballan cun mesmo/a alumno/a ao longo dos diferentes anos académicos.
- Colaborar na posta en marcha de programas: mellora da convivencia e promoción da igualdade no centro.
- Dinamizar os servizos de mediación, darlles publicidade a través das titorías, e favorecer a implicación de toda a comunidade educativa na promoción e na súa importancia como mecanismo para a resolución dos conflitos.

5.3 Apoio á acción tutorial

As función das titoras e titores veñen recollidas no Regulamento Orgánico dos centros de educación secundaria (Decreto 324/1996 e Orde de 1 de agosto de 199)..

→ ACCIÓNS PRIORITARIAS

As liñas de actuación xerais deste ámbito de intervención estarán recollidas no plan de acción tutorial do centro, documento ue forma parte do Proxecto Educativo.

Dende o ámbito de apoio ao plan de acción tutorial o departamento de orientación colaborará coa acción tutorial nos seguintes aspectos:

- Revisar e actualizar , no caso de ser necesario, o plan de acción tutorial.
- Colaborar no proceso de recollida de información que realizan os titores e titoras sobre o seu alumnado no contexto da avaliación inicial.
- Desenvolver desde a acción tutorial as finalidades recollidas no PAT: ensinar a ser, ensinar a pensar, ensinar a decidir, ensinar a sentir e ensinar a convivir.
- Colaborar con xefatura de estudos e cos titores/as para a coordinación das actividades presenciais da hora de tutoría, achegando propostas, recursos e exemplos de actividades e dinámicas de grupo; así como para o seguimento da evolución académica e persoal do alumnado de cada grupo.
- Colaborar coa vicedirección do centro na organización de actividades complementarias relacionadas coa acción orientadora .
- Favorecer o coñecemento e a implementación dos Protocolos da Consellería de Educación.
- Complementar, se é necesario, a acción tutorial desenvolvida polo titor/a en relación coas familias de determinados/as alumnos/as.
- Incorporar a entidades sen ánimo de lucro na acción tutorial e orientadora.
- Incorporar dentro do programa de actividades de tutoría: o desenvolvemento emocional, as habilidades sociais, as técnicas de traballo intelectual, a resolución de conflitos, a prevención de drogodependencias, educación sexual, educación para a igualdade, ...
- Colaborar cos titores/as no desenvolvemento das tutorías.
- Atender de forma individualizada ao alumnado e as familias que o demanden, e levar a cabo un rexistro das entrevistas.
- Colaborar cos/coas titores/as na preparación e desenvolvemento das sesións de avaliación.

→ BLOQUES DE PROGRAMACIÓN DA ACCIÓN TITORIAL

Bloque A: Actividades de acollida e integración.

Bloque B: Actividades de convivencia, coeducación e igualdade.

Bloque C: Normas, obxectivos e funcionamento de grupo

Bloque D: Actividades de desenvolvemento persoal.

Bloque E: Técnicas de traballo intelectual

Bloque F: Orientación profesional e vocacional.

Bloque G: Avaliación

Bloque H: Actuacións co equipo docente.

Bloque I: Avaliación da titoría

Bloque K: Reunións cos pais e nais e información ás familias.

5.4 Convivencia.

A convivencia está estreitamente relacionada coa vida en sociedade e coa necesidade de traballar dende as diferenzas existentes en prol dunha vida harmoniosa en comunidade. A convivir apréndese, polo que é necesario deseñar actuacións para ensinar a relacionarse e resolver os conflitos

As habilidades sociais, a asertividade, a empatía, a non violencia, a tolerancia, son esenciais para unha convivencia positiva. A educación debe promover a aprendizaxe das alumnas e alumnos, pero non so no ámbito cognitivo, senón tamén no emocional e social.

O Plan de convivencia que está incorporado ao Proxecto educativo do noso centro recolle a necesidade de promover un clima de convivencia positivo. Polo promoveremos os sistemas de axuda e a colaboración entre o alumnado.

As función do departamento de orientación en canto á convivencia no centro estarán estreitamente relacionadas con:

- Colaborar dende a comisión de coordinación pedagóxica na elaboración e revisión do plan de convivencia e das NOF.
- Colaborar nas accións de mediación escolar.
- Colaborar nos procedementos disciplinarios (conciliado e común).

- Desenvolver un programa de habilidades sociais dirixido, principalmente, ao alumnado que poña de manifesto condutas contrarias ás normas de convivencia.

→ **ACCIÓNNS PRIORITARIAS**

- Incorporar contidos na acción tutorial que traballen as habilidades, destrezas e competencias relacionadas coa convivencia positiva, e propoñer actividades de grupo para a conmemoración de días sinalados.
- Revisar ou actualizar o programa de habilidades sociais.
- Dinamizar a mediación escolar.
- Revisar e implementar o plan de acollida ao alumnado de nova incorporación e o plan de acollida e integración ao alumnado estranxeiro.
- Colaborar co equipo directivo no desenvolvemento dos contratos programa.
- Impulsar nas aulas a cohesión grupal e a adopción de estruturas cooperativas a través das titorías.
- Conectar o centro coas necesidades da contorna.

5.5 Orientación académica e profesional.

O Decreto 156/2022 do 15 de setembro e o Decreto 157/2022, polos que se establece a ordenación e o currículo de educación secundaria obrigatoria e do bacharelato respectivamente na comunidade autónoma de Galicia, recollen como finalidades de ambas etapas educativas a orientación profesional e a preparación do seu futuro itinerario formativo.

A orientación académica e profesional pretende que o alumnado adquira un coñecemento das súas capacidades e intereses, das posibilidades académicas e laborais que existen na súa contorna máis próxima, que adquira a capacidade de tomar decisións fundadas, e que planifique de xeito realista como quere que sexa o seu futuro a medio e longo prazo.

A orientación académica e profesional é un proceso fundamental para o alumnado da ESO e Bacharelato directamente relacionado coa competencia clave de “Competencia emprendedora”.

ACCIÓNS PRIORITARIAS

- Fomentar que a comunidade educativa no seu conxunto asuma a responsabilidade da orientación profesional e preparación para a vida activa de todo o alumnado.
- Incorporar ás actuacións previstas do ámbito académico-profesional na planificación das sesións de tutoría, mediante dinámicas grupais e actividades complementarias e extraescolares.
- Promover, que o equipo docente colabore cos titores da ESO no asesoramento ao alumnado sobre futuro profesional e na elaboración do Consello Orientador.
- Traballar, desde a acción tutorial, contidos que están na base da autoorientación vocacional:
 - Coñecemento dun mesmo, facendo especial fincapé nas competencias dos alumnos e alumnas para a elección vocacional.
- Promover un enfoque investigador do alumnado en relación a información académica e profesional e as diferentes alternativas existentes facilitando toda a documentación e servizos de información necesarios.
- Favorecer un contacto máis directo do alumnado coas súas futuras alternativas mediante a programación de actividades complementarias coas universidades e os centros de formación.
- Mellorar o asesoramento ao alumnado e as súas familias en relación coa FP Básica e as posibilidades que ofrecen os itinerarios de Formación Profesional.
- Incrementar o coñecemento da oferta de estudos de réxime especial que existen en Galicia.
- Reducir a tendencia do alumnado a realizar unha elección sexista de itinerarios académicos e profesionais, non baseada nas súas aptitudes persoais e académicas.
- Elaborar un plan de actuacións específico para o alumnado que está en réxime de adultos, incidindo na importancia da formación ao longo da vida e as distintas opcións que ofrece o noso sistema educativo.
- Favorecer os procesos de madurez persoal e de desenvolvemento do sistema de valores que favorezan un proceso de toma de decisións responsables.

En colaboración coa xefatura de estudos, adicaranse algunhas sesións de coordinación cos titores e titoras da ESO a abordaxe sobre a información académica que se lle vai a transmitir ao alumnado, e propoñerlles realizar algún simulacro de elección de itinerario que favoreza a toma de decisións do alumnado e axude a realizar unha previsión a nivel de centro da composición dos diferentes grupos.

LIÑAS DE ACTUACIÓN E INTERVENCIÓN

1. Propiciar o autocoñecemento no propio alumnado (aptitudes, habilidades, intereses, motivacións, personalidade, situación socio-familiar...) a través de enquisas, entrevistas, xogos e dinámicas de auto-avaliación e reflexión.
2. Facilitarlle ao alumnado o coñecemento da estrutura do sistema educativo (optativas, modalidades, itinerarios), das diferentes opcións, dos requisitos necesarios, das axudas, dos prazos e doutra información de interese.
3. Facilitar o coñecemento e o proceso de incorporación noutras ensinanzas e centros.
4. Facilitar o coñecemento e o proceso de inserción na vida laboral en colaboración con outras institucións.
5. Concienciar ao alumnado da importancia das alternativas ou posibilidades que terá no próximo curso en función do resultado académico actual.

7. AVALIACIÓN E MEMORIA FINAL

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

- Escala de avaliación para cada un dos programas de intervención.
- Cuestionario aos titores e titoras e aos membros do departamento.
- Cuestionario de avaliación.
- Acordos e valoracións realizadas ao longo do curso nas reunión do departamento.

INDICADORES PARA A AVALIACIÓN

- Cumprimento e efectividade das reunións previstas.
- Asistencia dos responsables.
- Grado de implicación e participación nas reunión.
- Implicación das familias e participación nas actividades do Centro.
- Adecuación e suficiencia das actividades propostas neste plan.
- Inclusión ou supresión de actividades do programa.

MEMORIA FINAL

Na Orde de 24 de xullo de 1998, sobre organización e funcionamento da orientación educativa, establece que “á vista das actas e dos informes de tódolos centros adscritos, ó final de curso o departamento de orientación realizará unha memoria na que se recollerán polo menos, os seguintes aspectos”:

- Modificacións introducidas no proceso de desenvolvemento do plan, programa ou programas e cambio, se procede, na realidade educativa.
- Valoración do grao de consecución dos obxectivos establecidos no dito plan, así como a implicación e participación dos diferentes profesionais que colaboren nel.

Cos datos recollidos na avaliación do programa elaborárase a memoria final, que recollerá:

- Os temas abordados nas reunión do departamento.
- As actividades xerais desenvoltas nos distintos plans e o grao de consecución dos obxectivos.
- As actividades complementarias levadas a cabo polo departamento, a pertinencia das mesmas e o grao de satisfacción con elas.

En Vigo a 20 de Setembro e 2023

Asdo: M^a Dolores Pardo Expósito

Xefa do departamento de orientación